



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Jato Rodríguez, M^a Victoria
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES

Alén González, Elisa
Araújo Nespereira, Pedro A.
Caballero Rúa, Armando
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos Juan
Deaño Deaño, Manuel
González Piñeiro, Luis
López Díaz, María
Muñoz López, Luis
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Cabeza Pereiro, Jaime
Fernández Souto, Ana Belén
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Dominguez, Alejandro

PDI-B

Fernández Covelo, Emma
Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

Barreiro Rodríguez, Rocio
García Camba, Xabier
González Ansias, Yago
Sánchez Gálvez, Estevo
Terol Martín, Irene
Vidal Rodríguez, Saleta

PAS

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Noia Campos, M^a Carniño
Gutiérrez Nieto, Manuel
Barreiro Alonso, Enrique

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 14 de febreiro de dous mil once, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O luns día 14 de febreiro de 2011, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 18 de xaneiro de 2011.
2. Informe do reitor.
3. Creación, se procede, de prazas dos corpos docentes.
4. Aprobación, se procede, da Convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI da Universidade de Vigo, ano 2011.
5. Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecemento no POD do curso 2011/12 de actividades de docencia, investigación e xestión.
6. Aprobación, se procede, da normativa de empréstito de ordenadores da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e da Facultade de Dereito.
7. Elección, se procede, dun representante no Consejo del Estudiante Universitario del Estado.
8. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 9 do Estatuto do Coro Universitario.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Mayor – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Mayor (Chile) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Municipal de São Caetano do Sul (Brasil)–

Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Municipal de São Caetano do Sul (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional de San Martín (Arxentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Nacional de San Martín (Arxentina) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Católica del Norte (Chile) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e UIC Universidad Intercontinental A.C. (México) – Convenio específico de colaboración entre

a Universidade de Vigo (España) e a UIC Universidad Intercontinental A.C. (México) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Católica de la Santísima Concepción, Chile – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Católica de la Santísima Concepción para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) para colaboración en temas de Arqueoloxía e Historia Antiga – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) para a colaboración en temas de Microtoponimia e Talasonimia – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Kyung Hee University (República de Corea) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Kyung Hee University para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e Economics for Energy.

10. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 estudante.
- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante.
- Comisión de Investigación: 1 estudante.

11. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 18 de xaneiro de 2011.

A secretaria xeral toma a palabra para dicir que no punto 2 do orden do día relativo a informes do reitor, na páxina 3 onde di que “o reitor pediu un prazo ata a vindeira sesión do Consello de Goberno para facer unha proposta de solución” debe dicir que “o reitor da USC pediu un prazo ata vindeira sesión do Consello Galego de Universidades para facer unha proposta de solución”.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

O reitor informa dalgúns datos e actuacións correspondentes ás últimas semanas nos ámbitos da estratexia de comunicación universidade-empresa, intercambio de estudantes e actividades de extensión universitaria:

Afondouse na estratexia de comunicación Universidade-Empresa a través de contactos co mundo empresarial. Os resultados das xuntanzas realizadas vanse materializar na celebración dos foros seguintes:

-Foro “O mar como motor económico no espazo atlántico”, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Pontevedra.

-Foro Diálogo Empresa-Universidade de Vigo, en colaboración co Club Financiero de Vigo e o Círculo de Empresarios de Galicia.

Respecto dos intercambios de estudantes, o reitor da conta de que o número total de estudantes estranxeiros na Universidade de Vigo acada este ano a cifra de 527. A maior parte

deles, 386, proceden do programa Erasmus. 73 estudantes de intercambios a través de convenios bilaterais, 31 deles de Brasil. A distribución por campus é 61 estudantes en Ourense, 69 en Pontevedra e 397 en Vigo. Os datos globais supoñen un incremento medio do 12% respecto do curso anterior que, por campus, resulta do 24% en Ourense, un 19% en Pontevedra e un 9% en Vigo. Fai unha valoración positiva dos datos destacando que os incrementos son notablemente maiores nos campus onde o número de estudantes é menor.

O reitor informa que respecto dos estudantes propios de intercambio a cifra global acadou os 721 estudantes, o que supón un incremento do 22% respecto do curso anterior. Por campus, en Ourense desprázanse 131 estudantes, 101 en Pontevedra e 485 en Vigo. O incremento respecto do ano anterior é moi importante no Campus de Ourense, 45%. En Pontevedra as cifras aumentan nun 16% e en Vigo nun 18%.

O reitor da conta de que na vicerreitoría de Extensión Universitaria estase a desenvolver o chamado “Parque do Coñecemento” para converter o Campus de Vigo nun gran parque para os veciños onde se conxugue lecer e aprendizaxe, conxugando roteiros arquitectónicos, arqueolóxicos, artísticos, ecolóxicos, paisaxísticos e deportivos. Para organizar este proxecto firmouse un Convenio co Instituto de Estudos Miñoranos

Dentro deste proxecto estanse realizando traballos en dous asentamentos: Monte das Cabanas e no Monte das Pedreiras.

Ademais destacou que dende a vicerreitoría de Extensión Universitaria estanse a levar a cabo outros proxectos:

- Deseño do plan estratéxico de Voluntariado e campaña de captación de voluntariado;
- Redacción en colaboración coas asociacións de estudantes do novo Regulamento de Estudantes, adaptado ao recentemente aprobado Estatuto do Estudante Universitario;
- Campaña de captación de voces para o Coro Universitario.
- Campaña de captación de alumnos para o Programa de Maiores no curso académico 2011/-2012,

O reitor tamén da conta da reunión cos reitores do Noroeste peninsular para acercar posicións comúns e para captación de recursos da macrorexión RESOE. Desta reunión esperase que salgan propostas e proxectos conxuntos das universidades galegas e castelano-leonesas.

Finalmente, o reitor felicita ao equipo de rugby IVECO polos éxitos que está acadando.

Punto 3. Creación, se procede, de prazas dos corpos docentes.

Cédese a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que na COAP celebrada o día 10 de febreiro infórmase favorablemente da creación das seguintes prazas:

- Unha praza do corpo de Catedráticos de Universidade na área de Bioquímica e Bioloxía Molecular pola promoción da profesora Almudena Fernández Briera.
Apróbase por asentimento.

- Unha praza do corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Xenética pola promoción do profesor Humberto Carlos Quesada Rodríguez.
Apróbase por asentimento.
- Unha praza do corpo de Catedráticos de Universidade na área de Ecoloxía e Bioloxía Animal pola promoción do profesor Jesús Souza Troncoso.
Apróbase por asentimento.
- Unha praza do corpo de Catedráticos de Universidade na área de Ecoloxía e Bioloxía Animal pola promoción do profesor Jorge Domínguez Martín.
Apróbase por asentimento.
- Unha praza do corpo de Catedráticos de Universidade na área de Enxeñaría Química pola promoción da profesora Estrella Álvarez da Costa.
Apróbase por asentimento.
- Unha praza do corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Física Aplicada pola promoción do profesor Javier Vijande López.
Apróbase por asentimento.
- Unha praza do corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Linguaxes e Sistemas Informáticos pola promoción do profesor José Baltasar García Pérez-Schofield.
Apróbase por asentimento.
- Unha praza do corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Química Inorgánica pola praza gañada no Plan de Promoción por Sandra Bolaño García.
Apróbase por asentimento.
- Unha praza do corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Física Aplicada pola praza gañada no Plan de Promoción por Félix Quintero Martínez
Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, da Convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI da Universidade de Vigo, ano 2011.

Cédese a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que informa que o documento que se somete a aprobación é unha nova convocatoria do Programa Especial de Promoción do persoal docente e investigador. Que o nome do programa sufriu unha pequena modificación pasándose a chamar Programa Especial de Promoción do PDI da Universidade de Vigo do curso 2010/ 2011. Convócanse un total de dezoito prazas: oito do eido científico, catro do tecnolóxico, tres do xurídico-social e tres do humanístico.

Expón que se trata dunha iniciativa que se lanzou no 2005 e grazas a cal se consolidaron 61 persoas: nove investigadores Ramón y Cajal, 31 Parga Pondal, 10 profesores axudantes, 10 asociados e 1 visitante. Precisa que non debe confundirse co que debe ser a longo prazo a política de profesorado. Di que a idea é mantelo durante dous ou tres anos polo que se farán

convocatorias das mesmas características, se ben con algunhas variantes acordadas co número e perfil dos posibles candidatos.

Informa de que hai varios cambios respecto ás convocatorias anteriores introducidos con motivo das reunións da COAP ou aconsellados na mesa de negociacións do PDI.

Como principais novidades desta convocatoria destaca o requisito de contar cunha antigüidade mínima de tres anos nalgunha das categorías ás que fai referencia a convocatoria, algo que a xuízo da vicerreitora ordena moito mellor o procedemento, faino máis solidario co resto do colectivo e máis eficiente a medio e longo prazo.

A vicerreitora fai referencia aos criterios para asignación das prazas. Destaca especialmente que a COAP estudiará a situación das áreas implicadas e decidirá a qué campus quedará vinculada a praza e utilizaranse os campos temáticos empregados pola CNEAI para estender os beneficios do programa de xeito máis equilibrado entre os diferentes ámbitos presentes na Universidade de Vigo.

Intervén o Prof. Armando Caballero para defender a posta en marcha dun plan de promoción que pase do sistema de cupos a un baseado en criterios establecidos previamente.

Intervén o Prof. Bienvenido Díaz para expresar que necesitaría máis tempo para facer unha valoración do plan proposto pero que podería ser positivo si se mantén durante tres anos.

Intervén o Sr. Federico Fernández para expresar a súa satisfacción polo plan de promoción especial e que a Universidade de Vigo debe buscar o equilibrio de plantillas entre as áreas.

Seguidamente a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións toma a palabra para agradecer as intervencións e insistir que a intención do plan é dar resposta á actual situación na que hai máis investigadores nun ámbito que noutros e que cos datos que hai pódese trazar un camiño cara o futuro.

O reitor informa que o actual plan manterase de dous a tres anos e que o seu equipo de goberno ten un compromiso a medio e longo prazo de organizar un novo plan baseado en criterios de calidade. Resalta que a pesar de estar no peor momento económico da súa historia, a Universidade está facendo unha aposta estratéxica para consolidar ós investigadores e docentes que están emerxendo con méritos científicos suficientes para poder optar a unha praza de profesor titular ou de profesor contratado doutor, que o que se lles ofrece é unha consolidación como profesores polo que parece lóxico que se lles esixa una experiencia docente de 3 anos.

Intervén o Prf. Armando Caballero para dicir que se da por satisfeito coas aclaracións e explicacións recibidas.

Apróbase por asentimento

Punto 5. Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecemento no POD do curso 2011/12 de actividades de docencia, investigación e xestión.

Cedese a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen pon de manifesto que desde o equipo de goberno se pensa que hai que facer unha revisión profunda do tipo de actividades que deben ser recoñecidas en POD. Unha parte desas actividades se terá en conta no deseño do modelo básico do contrato-programa cos Centros. O borrador será elaborado nos vindeiros meses e será sometido á aprobación do Consello de Goberno a finais do ano. A normativa existente basea as denominadas “desgravacións” en catro grandes bloques. Os bloques se manteñen pero a nova normativa de recoñecemento presenta cambios en algúns dos apartados. Respecto ás deducións asignadas como apoio á actividade docente dos centros a vicerreitora destaca que serán distribuídas polo equipo directivo do centro de acordo cunhas criterios que deben ser aprobados en xunta de centro en función das estratexias e prioridades deste. Tamén destaca que dentro deste primeiro apartado se poden contemplar, ademais de actividades que dan orixe directo á dedución, outras actividades como as que están sinaladas a modo de exemplo na páxina número 2 do documento que se somete a aprobación.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións continua a súa exposición dando conta e explicando as deducións asignadas como apoio ás ensinanzas de postgrado, as deducións asignadas como apoio ás actividades de I+D+I e as deducións asignadas por cargos académicos e de xestión.

Ábrese unha rolda de intervencións:

Intervén o profesor Bienvenido Díez para dicir que necesitaba mais tempo para consultar a documentación.

Intervén o Sr. Federico Fernández para mostrar o seu acordo co recoñecemento aos profesores dos méritos en actividades de I+D+i pero reclama que haxa un control real destas para que non haxa malestar entre os profesores.

Intervén o profesor Jaime Cabeza para facer valoracións sobre o documento sometido a aprobación. Propón que a docencia con repercusión en POD de todos os docentes consolidados non sexa inferior a 30 horas no curso académico. Defende que todas as actividades docentes tanto en grao como en posgraao deben reflectirse no POD.

Intervén a profesora Edita Lorenzo para chamar a atención do esforzo que supón para os equipos directivos dos centros implantar os procesos de calidade, que son escasas as horas de deducción asignadas aos equipos directivos como apoio ás actividades de coordinación das titulacións adscritas ao centro, e que está de acordo con que todos os profesores teñan un mínimo de docencia.

Toma a palabra o reitor para dicir que despois do verán presentarase un documento global vinculado ao contrato-programa onde se computarán todas as actividades e o traballo do profesor en materia de docencia, investigación, xestión y transferencia de coñecemento.

O texto sométese a votación incluíndo a proposta do profesor Jaime Cabeza relativa á docencia con repercusión en POD (mínimo 30 horas).

Votos a favor 30

Votos en contra 0

Abstencións 8

Punto 6. Aprobación, se procede, da normativa de empréstito de ordenadores da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e da Facultade de Dereito.

O reitor cede a palabra á profesora Elisa Alén que expón que se trata de aprobar unha normativa que regule o empréstito de ordenadores portátiles nas facultades de Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo. Destaca que é unha iniciativa que facilita ao alumnado destes centros dispoñer de 36 ordenadores portátiles para o seu uso.

Aprobase por asentimento.

Anexo I
A

Punto 7. Elección, se procede, dun representante no Consejo del Estudiante Universitario del Estado.

O reitor pospón o punto 7 para o último lugar da orde do día.

Punto 8. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 9 do Estatuto do Coro Universitario.

Toma a palabra o vicerreitor de Extensión Universitaria para informar que se trata de actualizar o regulamento do Coro Universitario, establecendo que, no caso de que a intervención musical do coro teña lugar a pedimento dun centro adscrito ou dunha institución allea á Universidade, será esta directamente a que facture a razón das taxas aprobadas polo Consello Social.

Aprobase por asentimento. Anexo II

Punto 9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Mayor – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Mayor (Chile) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Municipal de São Caetano do Sul (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Municipal de São Caetano do Sul (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional de San Martín (Arxentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Nacional de San Martín (Arxentina) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Católica del Norte (Chile) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e UIC Universidad Intercontinental A.C. (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a UIC Universidad Intercontinental A.C. (México) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Católica de la Santísima Concepción, Chile – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Católica de la Santísima Concepción para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Estudios Miñoranos (IEM) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Estudios Miñoranos (IEM) para colaboración en temas de Arqueoloxía e Historia Antiga – Convenio

específico entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) para a colaboración en temas de Microtoponimia e Talasonimia – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Kyung Hee University (República de Corea) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Kyung Hee University para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e Economics for Energy.

Apróbanse por asentimento.

Punto 10. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 estudante.
- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante.
- Comisión de Investigación: 1 estudante.

A secretaria xeral expón que non se presentou ningunha candidatura polo que segue un posto vacante do sector estudantes en ditas comisións.

El Sr. Estevo Sánchez toma a palabra para propoñer que desapareza este punto das seguintes convocatorias.

Punto 7. Elección, se procede, dun representante no Consejo del Estudiante Universitario del Estado.

Presentáronse dúas candidaturas.

O reitor cede a palabra ao Sr. Xabier García Camba que propón a candidatura de Iago Varela, responsable dos Comités Abertos de Facultade e membro do claustro universitario. Escusa a súa presenza no Consello de goberno e expón os méritos do candidato.

Seguidamente, o reitor cede a palabra ao Sr. Estevo Sánchez para expor a súa candidatura e o seu programa.

Procédese á votación e ao escrutinio dos votos. Votos a favor de Iago Varela: 14 votos. Votos a favor de Estevo Sánchez: 6 votos. Votos en branco: 16

Acordase nomear a Iago Varela como representante da Universidade de Vigo no Consejo del Estudiante Universitario del Estado.

Punto 11. Rogos e preguntas.

Ábrese unha rolda de intervencións:

Intervén o Prof. Armando Caballero para interesarse polas bolsas dos mestrados e se o importe corresponde á parte proporcional de 7 meses.

A vicerreitora de Investigación resposta que está estudando a opción de pagar o ano completo.

Intervén a Prfª Mercedes Suárez para solicitar que os bolseiros de calidade que se adscriben aos centros estean en función do número de titulacións impartidas polo centro.

Intervén o Sr. Xan Cebro, que fai preguntas sobre cuestións relativas á organización dos servizos mínimos é ao parque móbil na última folga. Tamén solicita que se comunique ao sindicato o listado da xente que foi á folga, tamén solicita a sinatura dun convenio sobre telefonía móbil que beneficie ao PAS e aos alumnos.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para opoñerse á solicitude do Sr. Xan Cebro relativa á comunicación dos listados.

Intervén o Prof. Luís Muñoz para expresar cuestións relativas ao horario de permanencia dos profesores no centro.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para interesarse polo módulo tecnolóxico e cando estará aberto. Responde o Vicerreitor de Economía e Planificación que os problemas construtivos están en vía de solución, que pronto empezarán as obras, que se espera que en maio estea operativo e que a partir de aí se asignarán os espazos


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 horas do día 14 de febreiro de 2011 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



M. Inmaculada Valejo Álvarez

